



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

## PROPOSTA AO PLENO

### **DETERMINACIÓN DO NÚMERO E RÉXIME DE PERSOAL EVENTUAL**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no art. 104.2, relativo ó persoal eventual establece que o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación ao principio do seu mandato.

Polo exposto, esta Alcaldía propón ao pleno corporativa a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**Primeiro:** Establecer como cargo que se exercerá por persoal eventual o de “Secretario/a da Alcaldía”, con tódalas funcións adscritas á Alcaldía, en réxime de dedicación completa e con unhas retribucións brutas anuais de 28.000,00 euros.

A estas retribucións seránlle de aplicación a normativa sobre retribucións do persoal funcionario da Administración Local.

**Segundo:** Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O alcalde

Jose Luis Piñeiro Garcia